



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Calidade do Solo	Código	610500009		
Titulación	Mestrado Universitario en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental (plan 2012)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Física e Ciencias da Terra				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral	Coñecer os indicadores de calidade do solo coa fin de identificar solos degradados e os procesos de recuperación				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das realidades interdisciplinares da Química e do Medio Ambiente, dos temas punteiros nestas disciplinas e das perspectivas de futuro.
A3	Capacitar ao alumno para o desenvolvemento dun traballo de investigación nun campo da Química ou do Medio Ambiente, incluíndo os procesos de caracterización de materiais, o estudo das súas propiedades fisicoquímicas e biolóxicas e dos procesos que poden sufrir no medio natural.
A6	Coñecemento do comportamento de diferentes especies químicas e dos procesos aos que poden estar sometidas unha vez liberadas no medio ambiente, incluíndo as súas relacións entre distintos compartimentos ambientais.
A10	Relacionar a presenza de especies químicas no medio natural cos conceptos de toxicidade e biodisponibilidade.
A15	Coñecer os indicadores de calidade do chan e do aire, os procesos de distribución de contaminantes e as tecnoloxías de recuperación e aplicación en cada caso.
A19	Coñecemento e interpretación da lexislación, normativa e procedementos administrativos básicos sobre medios acuosos, chans e atmosferas. Comprensión das bases científicas e económicas da sustentabilidade.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüedades.
B6	Ser capaz de analizar datos e situacións, xestionar a información dispoñible e sintetizala, todo iso a un nivel especializado.
B8	Comprender, a un nivel especializado, as consecuencias do comportamento humano na contorna ambiental.
C1	Ser capaz de traballar en equipos, especialmente nos interdisciplinares e internacionais.
C2	Ser capaz de manter un pensamento crítico dentro dun compromiso ético e no marco da cultura da calidade.
C6	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C7	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C9	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Coñecer o comportamento do solo fronte as accións antropoxénicas.	AM1	BM2	CM1
Saber aplicar técnicas de análises de solos para resolver problemas de campo.	AM3	BM3	CM2
Resolver problemas relacionados coa contaminación e recuperación de solos	AM6	BM4	CM6
Capacidade de análise, avaliación, organización e planificación do uso do solo.	AM10	BM6	CM7
Evaluar a propagación da contaminación en solos e augas subterráneas.	AM15	BM8	CM9
Coñecer o protocolo de investigación de solos contaminados.	AM19		

Contidos	
Temas	Subtemas
<p>Temario teoría</p> <p>1.- Composición do solo. Fracción mineral e orgánica: reactividade e interaccións. Textura, estrutura e propiedades relacionadas. Intercambio catiónico e reacción do solo. Microorganismos.</p> <p>2.- Funcións do solo. Poder de autodepuración.</p> <p>3.- Calidade do solo. Indicadores de calidade. Evaluación de riscos.</p> <p>4.- Contaminación puntual e difusa. Degradación e rexeneración da estrutura do solo. Erosión hídrica e contaminación difusa.</p> <p>5.- Impacto dos metais sobre o funcionamento do solo.</p> <p>6.- Contaminantes orgánicos e inorgánicos de orixe agrícola, urbano e industrial. Retención e mobilidade de contaminantes no solo. Persistencia. Evaluación e previsión de riscos de contaminación</p> <p>7.- Investigación e tratamento de solos contaminados. Esquema de actuación. Recuperación. Control ambiental.</p> <p>8.- Métodos de saneamento e descontaminación de solos. Métodos mecánicos, químicos e biolóxicos.</p> <p>9.- Fitorremediación de solos. Perspectivas e aplicacións.</p> <p>10.- O solo como recurso non renovable. Avaliación ambiental do terreo. Estratexias fronte a contaminación de solos. Lexislación sobre solos contaminados.</p> <p>11.-Introducción as augas subterráneas. Fontes de contaminación. Comportamento e mobilidade dos contaminantes na zona saturada.</p>	<p>O fio conductor de estes temas e a relación entre as funcións do solo e os indicadores da calidade.</p>
<p>Prácticas</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mostreo de solos, descripción e observación de solos degradados - Determinación de indicadores de calidade do solo - Estudo de solos contaminados - Solos e contaminación da auga por erosión hídrica 	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas de laboratorio	A3 A15 B6 C9	3	7.5	10.5



Sesión maxistral	A1 A3 A6 A10 A15 A19 B2 B6 B8	9	27	36
Estudo de casos	A1 A3 A15 B3 B4 B8 C2 C7	1	8	9
Presentación oral	A3 A15 A19 B2 B6 C1 C6	2	9	11
Proba obxectiva	A1 A3 A15 B2	1	0	1
Saídas de campo	A1 A3 A15 B6	4	2	6
Atención personalizada		1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	Técnicas de análise de solos enfocadas a avaliar indicadores da calidade do solo.
Sesión maxistral	Sesións presentadas polo profesor sobre os temas centrais da materia nas que se incentivará a participación do alumnado.
Estudo de casos	Discusión e resolución en común de casos prácticos que impliquen a aplicación de coñecementos teóricos.
Presentación oral	Traballos individuais ou en grupos que terá que expoñer o alumnado.
Proba obxectiva	Proba de tipo test e preguntas cortas de toda a materia.
Saídas de campo	Realizarase unha saída o campo co fin de observar solos e procesos de degradación de solos, así como instrumentos de muestreo de augas e sedimentos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	A atención personalizada levarase a cabo na aula mediante titorías concertadas cos alumnos, polo que implica unha participación obrigatoria para o alumnado. Dedicarase a orientación e apoio do alumnado en calquera das actividades programadas na materia. A forma e o momento no que se desenvolverán indicarse en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia. En caso de alumnos/as con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, arbitraránse as medidas oportunas para que poidan acadar as competencias previstas na materia. Tales medidas acordaranse entre o profesorado e o alumnado en función dos casos que se presenten.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	A1 A3 A15 B6	Valorarase o interese e participación dos alumnos durante a saída de campo.	10
Proba obxectiva	A1 A3 A15 B2	Proba tipo test e preguntas cortas dos contidos tratados na materia.	50
Presentación oral	A3 A15 A19 B2 B6 C1 C6	Valoración da calidade do traballo e da precisión na exposición, así como da capacidade de defensa dos argumentos plantexados.	20
Prácticas de laboratorio	A3 A15 B6 C9	Avaliación continua	10
Estudo de casos	A1 A3 A15 B3 B4 B8 C2 C7	Discusión e posta en común de casos prácticos e exercicios propostos polo profesor.	10

Observacións avaliación



Para superar a materia e necesario acadar un 5 sobre 10 como calificación global.

Primeira oportunidade: a nota final será a suma das puntuacións acadadas en cada unha das actividades (prácticas de laboratorio, casos de estudio, presentación oral, saídas de campo, proba obxectiva). Considerarase non presentado aquel alumnado que realice todas as actividades excepto a proba obxectiva.

Segunda oportunidade: a nota final obterase a partir dunha proba obxectiva que englobará os contidos tratados na materia. A puntuación máxima de esa proba será de 10.

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Evaluarase mediante unha proba obxectiva que englobará os contidos tratados na materia. A puntuación máxima de esta proba será de 10.

A concesión de matrícula de honra outorgarase os alumnos que acaden tal cualificación na primeira oportunidade.

Fraude e plaxio trataráanse conforme a normativa vixente. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Cheng, H. H. (Ed). 1990. Pesticides in the soil environmental processes, impacts and moedlling, Soil. Sci. Soc. Am. Inc. Madison. USA.- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. 2006. Guía metodolóxica e técnica para a investigación da calidade dos solos de Galicia. Santiago de Compostela.- Doran, John et al. 1994. Defining soil quality criteria for a sustainable environment. Soil. Sci. Soc. Am. Publication n 35. Madison. USA.- Essington, Michael E. 2021. Soil and water chemistry. An integrative approach. Second edition. CRC Press. USA.- Girard, M.C., Walter, C., Rémy, J.C., Berthelin, J., Morel, J.L. 2011. Sols et environment. 2e edition. Dunod. Paris.- Kabata-Pendias, Alina. 2011. Trace Elements in Soils and Plants. Fourth ed. CRC Press. USA.- Lal, Rattan. 2002. Encyclopedia of Soil Science. Marcel Dekker.- Porta, Jaume, López-Acevedo Marta, Poch Rosa M. 2019. Edafología. Uso y Protección de Suelos. 4ª edición. Mundi-Prensa.- Resolución del Parlamento Europeo, de 28 de abril de 2021, sobre la protección del suelo (2021/2548(RSP).- Wiley, Neil. Phytoremediation: Methods and Reviews. 2007. Methods in Biotechnology Humana Press.

Bibliografía complementaria

Barceló, J., Poschenrieder, Ch. 2003. Phytoremediation: principles and perspectivas. Contributions to Science 2: 333-344Pilon-Smits, E., Pilo, M. 2002. Phytoremediation of metals using transgenic plants. Crit. Rev. Plant Sci. 21: 439-456

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías